

ORDENANZA REGULADORA DA ADMISIÓN DO ALUMNADO NO CONSERVATORIO MUNICIPAL DE MÚSICA DE XINZO DE LIMIA

Publicada no BOP nº 146 de 27/06/2016

“ORDENANZA REGULADORA DA ADMISIÓN DO ALUMNADO NO CONSERVATORIO MUNICIPAL DE MÚSICA DE XINZO DE LIMIA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No municipio de Xinzo de Limia existe unha extensa tradición musical polo que os servizos prestados polo Conservatorio Municipal de Música gozan dunha gran demanda.

Lamentablemente, os recursos económicos e humanos do Concello son limitados, e este feito, unido as restricións legais establecidas para a contratación de novo persoal, impiden satisfacer esta demanda na súa totalidade.

Coa finalidade de garantir certa estabilidade na fixación dos criterios de acceso dos aspirantes ó Conservatorio Municipal de Música de Xinzo de Limia, así como para asegurar que o procedemento de admisión sexa coñecido previamente pola totalidade dos solicitantes, considérase adecuado aprobar a presente ordenanza que contén a normativa aplicable de acceso naqueles supostos nos que a demanda fose superior as prazas dispoñibles.

ARTIGO 1: OBXECTO

A presente ordenanza ten por obxecto establecer o proceso e os criterios de admisión do alumnado no Conservatorio Municipal de Música de Xinzo de Limia.

ARTIGO 2: OFERTA EDUCATIVA

As especialidades instrumentais ofertadas no Conservatorio Municipal son as seguintes:

- 1) Piano
- 2) Guitarra
- 3) Violín e Viola
- 4) Frauta Traveseira
- 5) Clarinete
- 6) Saxofón
- 7) Trompeta, trompa, trombón, tuba.

En cada unha das especialidades instrumentais poderán admitirse 15 alumnos, coa excepción da especialidade instrumental de piano, na que poderán admitirse 30 alumnos.

ARTIGO 3: PRAZOS DE MATRÍCULA E PREMATRÍCULA. CRITERIOS DE SELECCIÓN DE ADMITIDOS PARA OS ALUMNOS DE NOVO INGRESO.

Durante as últimas dúas semanas do mes de xuño e unha vez se entreguen as cualificacións,

formalizarse:

A) Matrícula para todos os alumnos/as que estivesen matriculados no curso anterior e o superasen en convocatoria ordinaria e Matrícula para todos os alumnos/as que superasen as probas de acceso ao primeiro curso de grao Profesional. Estes alumnos serán admitidos directamente na especialidade ou especialidades nas que estiveran matriculados no curso anterior, polo que no momento de formalización da matrícula deberán aboar as correspondentes taxas, reguladas na ordenanza fiscal número 32 do Concello de Xinzo de Limia.

B) Prematrícula para os alumnos de novo ingreso.

Durante o mes de setembro, formalizárase:

A) Matrícula dos alumnos que se presenten os exames na convocatoria extraordinaria de setembro. O prazo de matrícula será de dous días hábiles que comezarán a contar dende o seguinte a data de publicación das cualificacións. Estes alumnos serán admitidos directamente na especialidade ou especialidades nas que estiveran matriculados no curso anterior, polo que no momento de formalización da matrícula deberán aboar as correspondentes taxas, reguladas na ordenanza fiscal número 32 do Concello de Xinzo de Limia.

B) Prematrícula para alumnos de novo ingreso. Este segundo prazo de prematrícula se abrirá na primeira semana do mes de setembro e terá unha duración de cinco días hábiles .

Os criterios de selección de admitidos, unha vez cubertas as prazas por todos aqueles alumnos cuxa admisión sexa directa, serán os seguintes:

As prazas que resten por cubrir en cada especialidade instrumental, unha vez matriculados os alumnos de admisión directa, serán adxudicadas ós solicitantes de novo ingreso que acaden maior puntuación, puntuación que se determinará consonte o seguinte baremo:

- 1) Alumnos empadroados no Concello de Xinzo de Limia a data 1 de xaneiro: 1 punto.
- 2) Número de cursos superados no Conservatorio Municipal de Xinzo de Limia, na especialidade instrumental solicitada: 0,25 punto por curso superado.

En caso de que unha vez realizada a baremación consonte o anterior procedemento se produciran empates, a prelación entre os alumnos que teñan os mesmos puntos se determinará mediante sorteo público consonte o establecido a continuación:

- 1) Realizarase un sorteo da letra a partir do cal se establecerá a orde alfabética de matriculación do alumnado do Conservatorio dende a primeira letra do primeiro apelido do mesmo.
- 2) Os apelidos compostos se considerarán dende a preposición ou artigo no caso de que a tiveran.
- 3) Aos efectos da ordenación alfabética dos apelidos, ordenaranse sempre seguindo orde ascendente dos mesmos. Enténdese ascendente a orde natural do alfabeto da A á Z.

Resoltos os empates, elaboraranse listaxes ordenadas de solicitudes por especialidade instrumental.

Finalmente formaranse listaxes previas de admitidos por especialidade instrumental, integradas polas solicitudes que acadaran maior puntuación ata chegar o número máximo de

alumnos que se poidan admitir por especialidade e una listaxe de espera, formada polas seguintes solicitudes en orde de puntuación. Estas listaxes serán publicadas no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal.

Á vista das listaxes previas de admitidos en cada especialidade instrumental a Directora do Conservatorio elaborará un informe no que determine se atendendo os recursos humanos dispoñibles é posible ampliar a listaxe previa de admitidos en algunha ou algunhas das especialidades instrumentais ofertadas.

De ser posible a ampliación conforme ó informe citado, procederase a admitir as solicitudes que figuren nos primeiros postos das listaxes de espera. Realizado o trámite anterior publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello e na Páxina web municipal as listaxes provisionais de admitidos e as novas listaxes de espera para cada especialidade instrumental, establecéndose un período de alegacións de tres días hábiles. Resoltas as alegacións, publicárase a lista definitiva de admitidos, e lista de espera.

Unha vez publicada a listaxe definitiva de admitidos, os alumnos seleccionados deberán acudir ó Conservatorio municipal co obxecto de inscribirse definitivamente, para o cal formalizarán a matrícula e ingresarán a taxa correspondente, consonte o establecido na ordenanza fiscal N.º 32 reguladora da taxa por funcionamento do conservatorio e da escola municipal de gaitas e outras actividades en establecementos municipais. Para a realización destes trámites se establecerá un prazo de tres días hábiles. De non realizar os trámites en prazo, os alumnos perderán o dereito a praza, e procederase a seleccionar os solicitantes que se atopen na listaxe de espera, que disporán dun prazo de tres días hábiles para realizar o ingreso correspondente.

En caso de que unha vez realizados todos o trámites existiran prazas vacantes, a directora do Conservatorio elaborará informe no que se poderá propor a convocatoria das probas de acceso a todos os cursos de 2º a 4º Grao Elemental e de 2º a 6º Grao Profesional co obxecto de cubrir as vacantes. Se deste xeito non se cubriren as vacantes, en caso de que houbera algún interesado en realizar unha dobre especialidade, se elaborará pola Directora informe no que se indicará se é posible permitir o acceso a algún dos alumnos xa matriculados a unha especialidade diferente a de admisión.

O calendario de datas exposto neste artigo é orientativo e será determinado no seu momento pola dirección do centro e anunciado no taboleiro de anuncios do Concello.

ARTIGO 4. SOLICITUDES DE INSCRIPCIÓN

Cada aspirante poderá presentar unha única solicitude de admisión.

As solicitudes de inscrición dos alumnos que estiveran matriculados no curso inmediatamente anterior ou que superaran a proba de acceso ao Grao Profesional se elaborarán segundo o Anexo I. Os alumnos matriculados no curso inmediatamente anterior solicitarán a admisión na especialidade ou especialidades que xa estiveran cursando anteriormente para ter dereito a admisión directa nas mesmas. En outro caso, serán considerandos alumnos de novo ingreso aos efectos de baremación.

As solicitudes de inscrición de alumnos de novo ingreso se elaborarán consonte o Anexo II. Asemade, os solicitantes de novo ingreso que estiveran empadroados no Concello de Xinzo de Limia en data 1 de xaneiro do ano que corresponda aportarán certificado acreditativo deste extremo xunto co impreso de solicitude. Os alumnos de novo ingreso só poderán solicitar a admisión nunha especialidade musical.

A falsidade nos datos declarados ou nos documentos aportados para a acreditación das circunstancias determinantes dos criterios de baremación de solicitudes, así como a duplicidade de solicitudes, conlevará a exclusión da solicitude.

DISPOSICIÓN DE DERROGATORIA ÚNICA

Queda derrogada a anterior “*Ordenanza reguladora da admisión do alumnado no conservatorio municipal de música de Xinzo de Limia*”, aprobada inicialmente por acordo plenario de data 27 de agosto de 2015, aprobación elevada a definitiva ao non presentarse alegacións, e publicada en BOP da Provincia de Ourense número 234 de data 10 de outubro de 2015 .

DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA: ENTRADA EN VIGOR

A presente ordenanza entrará en vigor consonte o disposto no artigo 70.2 da Le 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e comezará aplicarse dende dito momento, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresas.

ANEXO I

SOLICITUDE DE INSCRIPCIÓN CONSERVATORIO MUNICIPAL DE XINZO DE LIMIA: ALUMNOS MATRICULADOS NO CURSO INMEDIATAMENTE ANTERIOR E ALUMNOS QUE TEÑAN SUPERADAS AS PROBAS DE ACCESO AO PRIMEIRO CURSO DE GRAO PROFESIONAL PARA O CURSO SEGUINTE.

NOME E APELIDOS	
DNI	
ENDEREZO	
DATA DE NACEMENTO	

ESPECIALIDADE ou ESPECIALIDADES SOLICITADAS	
Piano	
Guitarra	
Violín e Viola	
Frauta Traveseira	
Clarinete	
Saxofón	
Trompeta, trompa, trombón e tuba.	

CURSO Ó QUE SE PRETENDE ACCEDER NA ESPECIALIDADE OU ESPECIALIDADES SOLICITADAS (indicar o curso na casilla correspondente)	
--	--

SUPERACIÓN PROBA DE ACCESO AO PRIMEIRO CURSO DE GRAO PROFESIONAL (5º) NO ANO CORRENTE (marcar cunha x no caso de cumprirse este requisito)	
--	--

ALUMNOS MATRICULADOS NO CURSO INMEDIATAMENTE ANTERIOR (marcar cunha x no caso de cumprirse este requisito)	
---	--

Data e sinatura do solicitante, e no caso de alumnos menores de idade, sinatura do pai, nai ou titor:

ANEXO II
SOLICITUDE DE INSCRIPCIÓN CONSERVATORIO MUNICIPAL DE XINZO DE LIMIA: ALUMNOS DE NOVO INGRESO

NOME E APELIDOS	
DNI	
ENDEREZO	
DATA DE NACEMENTO	

ESPECIALIDADE SOLICITADA (non se pode solicitar máis dunha especialidade, marcar cunha x a especialidade solicitada)

Piano	
Guitarra	
Violín e Viola	
Frauta Traveseira	
Clarinete	
Saxofón	
Trompeta, trompa, trombón e tuba.	

CURSO Ó QUE SE PRETENDE ACCEDER NA ESPECIALIDADE SOLICITADA
(indicar o curso na casilla correspondente)

ALUMNOS EMPADROADOS NO MUNICIPIO DE XINZO DE LIMIA A DATA 1 DE XANEIRO DO ANO CORRENTE (no caso de cumprirse este requisito, marcar cunha x e aportar certificado de empadramento xunto a solicitude)	
NÚMERO DE CURSOS SUPERADOS NO CONSERVATORIO DE XINZO DE LIMIA NA ESPECIALIDADE SOLICITADA (indicar o número de cursos, no caso de non terse superado ningún curso, deixar o espazo en branco)	

Data e sinatura do solicitante, e no caso de alumnos menores de idade, sinatura do pai, nai ou titor:”

Contra o presente Acordo, interporase recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.